

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 20 DE XULLO DE 2007.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **QUINCE HORAS E TRINTA E CINCO MINUTOS** do día **VINTE DE XULLO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia da tenente de Alcalde **D<sup>a</sup> OFELIA REY RECIMIL** e os concelleiros **D<sup>o</sup> JAVIER CUIÑA MACEIRA** e **D<sup>a</sup> MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2º.- CONTRATACIÓN.-**

**3º.- SUBVENCÍONS.-**

**4º.- URBANISMO.-**

**5º.- SERVIZO SOCIAIS.-**

**6º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**1.1.-** Escrito de Augas de Galicia-Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada 3206, de data 13 de xullo de 2007, expediente DH.A36.11842, sobre a solicitude formulada por José Agra Baamonde e Carmen Pombo Caramés, polo que se lle otorga a concesión dun caudal de auga de 0,16 l/seg procedente dun manancial situado no lugar de As Abelairas, parroquia de Moalde con destino a uso gandeiro e rega.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**1.2.-** Escrito da Subdelegación do Goberno de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 3318, de data 20 de xullo de 2007, en relación o expediente 3072/07 solicitando informe de denuncia efectuada pola Policía Local deste Concello contra D<sup>a</sup> María Leira López por

desórdenes na vía pública.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este expediente á Policía Local do Concello para ratificarse no seu informe, si procede.

**1.3.-** Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 2943, de data 26 de xuño de 2007, remitindo análises completo de potabilidade de auga de consumo (rede municipal-Bandeira) realizada a toma na fonte do campo da feira.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**1.4.-** Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 2942, de data 26 de xuño de 2007, remitindo análises completo de potabilidade de auga de consumo realizada a toma no Bar Betty de Silleda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**1.5.-** Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3256, de data 18 de xullo de 2007, remitindo resultado dos análises das augas das piscinas de Silleda e Bandeira completo de potabilidade de auga de consumo (rede municipal-Bandeira).

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**1.6.-** Escrito da Dirección Xeral de Obras Públicas - Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Rexistro de Entrada nº 2857, de data 25 de xuño de 2007, en relación o expediente de danos número de referencia RD/179/07 formulada por D<sup>a</sup> María Jesús Regalade Souto polo accidente de circulación ocorrido o 21 de decembro de 2006, sobre as 10,45 horas, en vehículo Peugeot 306 1885-BFG pola grande cantidade de auga que discorria pola calzada procedente de terreos adxacentes, estando atascados os sumidoiros, e a presenza de xeo á altura do p.q. 1,4 da estrada PO-201 (Silleda-Laro), T.M. Silleda, polo que solicitan informe sobre diferentes aspectos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acceder ó solicitado e emitir o correspondente informe.

**1.7.-** Escrito de D<sup>o</sup> Félix Pérez Troitiño, en representación da Asociación de Amigos da Tortilla, Rexistro de Entrada nº 3250, de data 18 de xullo de 2007, solicitando axuda económica e material para a XIX Romaría da Tortilla que terá lugar o vindeiro día 3 de agosto de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder a axuda de material solicitada.

## **2º.- CONTRATACIÓN.-**

Non hai asuntos que tratar.

### 3º.- SUBVENCIONS.-

**3.1.-** Escrito da Secretaría Xeral do Benestar - Dirección Xeral de Acción Social de Vicepresidencia, Rexistro de Entrada nº 3283, de data 18 de xullo de 2007, en relación a solicitude formulada por este Concello ó abeiro da Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, resolvendo conceder para os concepto que se reseñan, as contía seguintes:

| CONCEPTO  | PRÓRROGA               | NOVOS PROXECTOS                  | REMANENTE | TOTAL                           |
|---|------------------------|----------------------------------|-----------|---------------------------------|
| PERSOAL DE ATENCIÓN PRIMARIA<br>ASISTENTE SOCIAL<br>AUXILIAR ADMIVO.  | 14.996,63<br>12.015,79 |                                  |           | 14.996,63<br>12.015,79          |
| MANTEMENTO<br>AXUDA A DOMICILIO<br>XESTIÓN DE PROGRAMAS<br>- Prestacións económicas<br>- Integración emigrantes | 15.141,21              | 600,00<br><br>2.328,04<br>375,00 |           | 600,00<br>15.141,21<br>2.703,04 |

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**3.2.-** Visto o expediente confeccionado, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra o cambio de aplicación da obra incluída no PAM 2006-2008 denominada “Biblioteca Local Social de Xestoso e Outros Servizos” por “**Adquisición de material de bacheo para arranxo de pistas**” por un importe total de 76.577 € repartidas nas seguintes anualidades:

Anualidade 2006: 15.000 €

Anualidade 2007: 40.000 €

Anualidade 2008: 21.577 €

### 4º.- URBANISMO.-

#### 4.1.- **Licencias de Obra Maior:**

**4.1.1.-**A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnico e xurídico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licenza que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: PROMOCIÓN INMOBILIARIA H&M, S.L., con domicilio na rúa Méjico, nº 35, Esq. Rúa Ecuador, Local

C, C.P. 36.204 - Vigo.

- b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ:  
Construcción de edificio composto de dúas plantas soto para garaxe, planta baixa para locais comerciais, tres e catro plantas altas para 56 vivendas e planta baixo cuberta para trasteiros. Proxecto visado polo Colexio Oficial correspondente en data 23 de marzo de 2007.
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa “D” esquina N-525, Silleda.
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecto Dº José Luis Varela Varela.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS:  
Execución material: 2.785.448,12 □□□  
Instalacións térmicas: 76.468,00 □□□  
Telecomunicacións: 30.969,42 □□□  
Seguridade e saúde: 44.858,52 □□□ (existe un aumento no orzamento de execución material de 1.908,63 □□□ respecto ó especificado no proxecto técnico).
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 02 de xullo de 2007, no que se sinala:

*“1º.- Á presentación dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de tódolos servizos urbanos danados como consecuencia das obras realizadas no casco urbano, de acordo coas disposicións técnicas dos servizos municipais.*

*2º- Prazo de inicio e finalización das obras: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licenza caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comezo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.*

*3º- Condicións para a ocupación da vía pública:*

*Toda ocupación da vía pública con casetas, materiais, contenedores, maquinaria ou outros elementos afectos a unha obra, deberá contar necesariamente coa autorización administrativa.*

*a- Esta autorización deberá solicitarse conxuntamente coa licenza de obra, cando se prevea con antelación, mediante especificación na memoria.*

*b- No caso de que non poidera solicitarse conforme se prevé no párrafo anterior, deberá presentarse solicitude separada na que deberán especificarse tódolos datos necesarios para a súa localización e demais requisitos esixidos nesta Ordenanza. Neste caso a solicitude presentarse antes do inicio das obras e non poderá entenderse concedida ata que non se notifique resolución expresa ó efecto.*

*A ubicación das ocupacións a que se refire este capítulo deberá estudiarse a fin de*

*que sexa un emprazamento estratéxico que minimize a súa incidencia no entorno, aproveitando inevitablemente as zonas que non son utilizadas para o tráfico rodado e coa menor perturbación ó tránsito peonil. Asimesmo, deberá preverse que a ocupación se produza polo mínimo tempo posible e na dimensión axeitada para servir a seu obxecto, poidendo, neste punto, ser obxecto de inspección municipal, quen informará sobre a súa adecuación ou non ó obxecto de que o Concello poida ordear o levantamento daquelas ocupacións que se atopen sobredimensionadas ou sexan innecesarias.*

*Unha vez finalizada a ocupación procederase á limpeza das zonas ocupadas e á reposición de calquer dano que poidera haberse causado sobre os pavimentos ou servicios afectados.*

*Non se permitirá o almacenamento de materiais nin medios auxiliares máis tempo do estrictamente necesario para a súa utilización ou posta en obra.*

*Ó finalizar a xornada de traballo, deberanse retirar ou, si se autorizou expresamente para elo, verter en contenedores axeitados tódolos acopios procedentes do vaciado de zanzas e escombros, deixando a zona ocupada en estado de orde e limpeza axeitada.*

*Tódolos materias e acopios que non estean debidamente apilados ou depositados en contenedores, serán retirados da vía pública.*

*Tódolos elementos cos que se ocupa a vía pública son responsabilidade do titular da licenza, quen responderá do seu correcto estado de uso, mantemento e retirada.*

*Todo elemento que altere nalgunha medida a superficie vial suporá un obstáculo que habrá de ser debidamente protexido con vallas.*

*Durante as horas en que non se estea traballando, de noite e nos fines de semana ou festivos, a obra e os elementos anexos á mesma, deberán quedar en perfectas condicións para evitar accidentes e danos materiais ou persoais. A tal fin, sinalizaránse convenientemente con sinais de tráfico normalizadas, carteis e luminarias. Así mesmo procederáse ó tapado das zanzas cos materiais axeitados en función da súa localización, accesibilidade e dimensión.*

*O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, no seu artigo 199.11, establece as seguintes condicións para o Vallado de Obras:*

*1) En toda obra de nova planta ou de derribo e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, habrá de colocarse unha valla de protección de 2 m. de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa e situada á distancia máxima de 2 m. da aliñación oficial. En todo caso deberá quedar na beirarrúa un paso libre de 0,60 m. de ancho para o paso de peóns.*

*2) Si coa aplicación das condicións anteriores resultara un ancho inferior a un*

*metro dentro da valla, ou cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación de ditas normas, o técnico municipal correspondente fixará as características da valla, poidendo ordenar a súa desaparición total no momento no que terminen os traballos indispensables na planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa a colocación de andamio de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezga a debida seguridade para a circulación na vía pública. En casos especiais en que polo técnico municipal se considere indispensable, poderán adoptarse medidas de carácter extraordinario.*

3) *Non se consentirá cubrir o espazo da vía pública limitado pola valla.*

4) *Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en si mesmas ou no seu montaxe, un perigo para os viandantes, esixirase durante as horas de traballo a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta o perigo. Cando as características do tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.*

5) *Nas zonas en que sexa obrigatorio o retranqueo, a valla colocarse na aliñación oficial. Non será obrigatoria cando estea construído o cerramento definitivo.*

6) *Será obrigatorio a instalación de luces de sinalización con intensidade suficiente en cada extremo ou ángulo saínte das vallas.*

7) *A instalación de vallas enténdese sempre con carácter provisional en tanto dure a obra. Por elo dende o momento en que transcurra un mes sin dar comezo as obras, ou estean interrompidas, deberá suprimirse a valla e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público.*

#### **OUTRAS SITUACIÓNS:**

1.- *Instalación de contenedores para acopio e retirada de escombros.*

*Os contenedores para a recollida de escombros procedentes de obras, suxeitaranse en todo momento ás seguintes condicións:*

*a- Deberán colocarse nas beirarrúas, entre os alcorques das árbores, onde existan, e deixando libre como mínimo un paso de 1,50 m., ou nas calzadas, en zonas de aparcadoiros permitidos, de modo que non sobresalgan en dita zona e non sexan un obstáculo que entorpeza a libre circulación dos vehículos, de acordo co disposto no artigo 39 do Código de Circulación. Do mesmo xeito deberá sinalizarse convenientemente o contenedor pola súa conta, de acordo co establecido nos artigos 41 e 54 do Código de Circulación.*

*b- As manobras para deixada e recollida dos contenedores, deberán realizarse do modo previsto no Código de Circulación, sin causar molestias ó tráfico e quedando totalmente prohibida a colocación ou recollida de contenedores de 8:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, salvo que polo Concello se dispoña outra cousa.*

*c- En cada contenedor deberá figurar indicativo de pertenza á empresa propietaria do mesmo que deberá coincidir coa titular da autorización municipal ou, no caso de non selo, baixo tutela e responsabilidade directa de aquela.*

*d- Para as solicitudes de autorización de instalación de contenedores deberase presentar:*

- Fotocopia do carné de identidade do solicitante ou representante da empresa.*
- Memoria descriptiva do tipo de ocupación que se vai a realizar.*
- Plano de situación acotado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.*

*As autorizacións de instalación dos contenedores poderán ser anuais, debendo solicitar o interesado, si o desexa, a renovación da mesma cunha antelación mínima de dous meses respecto ó vencemento de dita autorización.*

*e- Para responder dos danos que se poideran ocasionar, o interesado deberá depositar unha fianza de 120,00 € por contenedor, que deberá repoñer ou completar, cando se minore dito depósito en virtude de indemnizacións e elo no prazo de 48 horas a contar dende a notificación, co obxecto de manter íntegra a súa garantía durante a vixencia do contrato, sempre que non se dispoña outra cousa na Ordenanza Fiscal correspondente ou mediante Convenio suscrito entre a Administración e os interesados.*

## *2.- Instalación de grúas-torre e similares:*

*Para a solicitude de autorización de instalación de grúas-torre e similares deberase presentar:*

- a) Memoria descriptiva da instalación e planos de situación e emprazamento acotados e a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase Informe das condicións portantes do terreno baixo a grúa asinado polo técnico-director da obra.*
- b) Xustificación da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza risco).*
- c) Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica da grúa.*
- d) Certificado de montaxe da grúa que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:*

- 1- *Datos da obra e instalación: Situación (rúa-lugar, número e poboación), propietario da grúa (nome, DNI/CIF e nome e DNI do Xefe de Obra).*
- 2- *Características da grúa-torre: Marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.*
- 3- *Certificación, do director dos traballos de montaxe e instalación, de que a grúa cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.*
- 4- *Certificado, do director dos traballos de montaxe e instalación, do correcto funcionamento da grúa e seus dispositivos de seguridade.”*

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 1328/07

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04  correspondente ó informe técnico e 66.142,19  (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

**4.1.2.-**A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnico e xurídico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: PROMOCIONES INMOBILIARIAS M&C 1885, S.L., con domicilio na rúa Colón, nº 28-4ºB - Vigo.

c) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Demolición dunha edificación (de planta baixa e primeira) e dun anexo (de planta baixa). Proxecto visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra.

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa Renque do Peixe, nº 3, esquina coa rúa da Feira, Bandeira (Silleda).

d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecta Técnica Dª Araceli Fernández Pena. Non consta dirección de obra.

e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS:



Execución material: 60.711,91 □□□

f) **CONDICIONANTES:** Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 12 de xuño de 2007, no que se sinala:

*“1º.- Á presentación do oficio de Dirección Técnica das obras (asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, nos seguintes termos:*

*Deberanse tomar tódalas medidas de seguridade necesarias para evitar o acceso de persoas alleas á obra, non se poderá interrompir o tráfico rodado nin peonil e ó remate das mesmas a zona deberá quedar como mínimo no mesmo estado no que se encontraba antes da súa realización.*

*Polo que respecta á delimitación de responsabilidades, os deterioros do medio físico ou calesquera producidos como consecuencia das obras realizadas, serán responsabilidade do promotor das obras.*

*Toda ocupación da vía pública con casetas, materiais, contenedores, maquinaria ou outros elementos afectos a unha obra, deberá contar necesariamente coa autorización administrativa.*

*a- Esta autorización deberá solicitarse conxuntamente coa licenza de obra, cando se prevea con antelación, mediante especificación na memoria.*

*b- No caso de que non poidera solicitarse conforme se prevé no párrafo anterior, deberá presentarse solicitude separada na que deberán especificarse tódolos datos necesarios para a súa localización e demais requisitos esixidos nesta Ordenanza. Neste caso a solicitude presentarase antes do inicio das obras e non poderá entenderse concedida ata que non se notifique resolución expresa ó efecto.*

*A ubicación das ocupacións a que se refire este capítulo deberá estudiarse a fin de que sexa un emprazamento estratéxico que minimize a súa incidencia no entorno, aproveitando inevitablemente as zonas que non son utilizadas para o tráfico rodado e coa menor perturbación ó tránsito peonil. Asimesmo, deberá preverse que a ocupación se produza polo mínimo tempo posible e na dimensión axeitada para servir a seu obxecto, poidendo, neste punto, ser obxecto de inspección municipal, quen informará sobre a súa adecuación ou non ó obxecto de que o Concello poida ordear o levantamento daquelas ocupacións que se atopen sobredimensionadas ou sexan innecesarias.*

*Unha vez finalizada a ocupación procederase á limpeza das zonas ocupadas e á reposición de calquer dano que poidera haberse causado sobre os pavimentos ou servicios afectados.*

*Non se permitirá o almacenamento de materiais nin medios auxiliares máis tempo do estrictamente necesario para a súa utilización ou posta en obra.*

*Ó finalizar a xornada de traballo, deberanse retirar ou, si se autorizou expresamente*

*para elo, verter en contenedores axeitados tódolos acopios procedentes do vaciado de zanxas e escombros, deixando a zona ocupada en estado de orde e limpeza axeitada.*

*Tódolos materias e acopios que non estean debidamente apilados ou depositados en contenedores, serán retirados da vía pública.*

*Tódolos elementos cos que se ocupa a vía pública son responsabilidade do titular da licenza, quen responderá do seu correcto estado de uso, mantemento e retirada.*

*Todo elemento que altere nalgunha medida a superficie vial suporá un obstáculo que haberá de ser debidamente protexido con vallas.*

*Durante as horas en que non se estea traballando, de noite e nos fines de semana ou festivos, a obra e os elementos anexos á mesma, deberán quedar en perfectas condicións para evitar accidentes e danos materiais ou persoais. A tal fin, sinalizaránse convenientemente con sinais de tráfico normalizadas, carteis e luminarias. Así mesmo procederáse ó tapado das zanxas cos materiais axeitados en función da súa localización, accesibilidade e dimensión.*

*O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, no seu artigo 199.11, establece as seguintes condicións para o Vallado de Obras:*

*1) En toda obra de nova planta ou de derribo e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, haberá de colocarse unha valla de protección de 2 m. de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa e situada á distancia máxima de 2 m. da aliñación oficial. En todo caso deberá quedar na beirarrúa un paso libre de 0,60 m. de ancho para o paso de peóns.*

*2) Si coa aplicación das condicións anteriores resultara un ancho inferior a un metro dentro da valla, ou cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación de ditas normas, o técnico municipal correspondente fixará as características da valla, poidendo ordenar a súa desaparición total no momento no que terminen os traballos indispensables na planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa a colocación de andamio de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezca a debida seguridade para a circulación na vía pública. En casos especiais en que polo técnico municipal se considere indispensable, poderán adoptarse medidas de carácter extraordinario.*

*3) Non se consentirá cubrir o espacio da vía pública limitado pola valla.*

*4) Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en si mesmas ou no seu montaxe, un perigo para os viandantes, esixirase durante as horas de traballo a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta o perigo. Cando as características do tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.*

*5) Nas zonas en que sexa obrigatorio o retranqueo, a valla colocarse na*

*aliñación oficial. Non será obligatoria cando estea construído o cerramento definitivo.*

*6) Será obrigatorio a instalación de luces de sinalización con intensidade suficiente en cada extremo ou ángulo saínte das vallas.*

*7) A instalación de vallas enténdese sempre con carácter provisional en tanto dure a obra. Por elo dende o momento en que transcurra un mes sin dar comezo as obras, ou estean interrompidas, deberá suprimirse a valla e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público.*

#### **OUTRAS SITUACIÓNS:**

##### *1.- Instalación de contenedores para acopio e retirada de escombros.*

*Os contenedores para a recollida de escombros procedentes de obras, suxeitaranse en todo momento ás seguintes condicións:*

*a- Deberán colocarse nas beirarrúas, entre os alcorques das árbores, onde existan, e deixando libre como mínimo un paso de 1,50 m., ou nas calzadas, en zonas de aparcadoiros permitidos, de modo que non sobresalgan en dita zona e non sexan un obstáculo que entorpeza a libre circulación dos vehículos, de acordo co disposto no artigo 39 do Código de Circulación. Do mesmo xeito deberá sinalizarse convenientemente o contenedor pola súa conta, de acordo co establecido nos artigos 41 e 54 do Código de Circulación.*

*b- As manobras para deixada e recollida dos contenedores, deberán realizarse do modo previsto no Código de Circulación, sin causar molestias ó tráfico e quedando totalmente prohibida a colocación ou recollida de contenedores de 8:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, salvo que polo Concello se dispoña outra cousa.*

*c- En cada contenedor deberá figurar indicativo de pertenza á empresa propietaria do mesmo que deberá coincidir coa titular da autorización municipal ou, no caso de non selo, baixo tutela e responsabilidade directa de aquela.*

*d- Para as solicitudes de autorización de instalación de contenedores deberase presentar:*

- Fotocopia do carné de identidade do solicitante ou representante da empresa.*
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai a realizar.*
- Plano de situación acotado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.*

*As autorizacións de instalación dos contenedores poderán ser anuais, debendo solicitar o interesado, si o desexa, a renovación da mesma cunha antelación mínima de dous meses respecto ó vencemento de dita autorización.*

*e- Para responder dos danos que se poideran ocasionar, o interesado deberá depositar unha fianza de 120,00 € por contenedor, que deberá repoñer ou completar, cando se minore dito depósito en virtude de indemnizacións e elo no prazo de 48 horas a contar dende a notificación, co obxecto de manter íntegra a súa garantía durante a vixencia do contrato, sempre que non se dispoña outra cousa na Ordenanza Fiscal correspondente ou mediante Convenio suscrito entre a Administración e os interesados.*

## *2.- Instalación de grúas-torre e similares:*

*Para a solicitude de autorización de instalación de grúas-torre e similares deberase presentar:*

- a) Memoria descriptiva da instalación e planos de situación e emprazamento acotados e a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase Informe das condicións portantes do terreno baixo a grúa asinado polo técnico-director da obra.*
- b) Xustificación da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza risco).*
- c) Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica da grúa.*
- d) Certificado de montaxe da grúa que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:
  - 1- Datos da obra e instalación: Situación (rúa-lugar, número e poboación), propietario da grúa (nome, DNI/CIF e nome e DNI do Xefe de Obra).*
  - 2- Características da grúa-torre: Marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.*
  - 3- Certificación, do director dos traballos de montaxe e instalación, de que a grúa cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.*
  - 4- Certificado, do director dos traballos de montaxe e instalación, do correcto funcionamento da grúa e seus dispositivos de seguridade.”**

**g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación,

caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 2602/07

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 € correspondente ó informe técnico e 1.366,02 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

**4.1.3.-**A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnico e xurídico, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: PROMOCIONES DEZANA SILVA Y DOCASAR, S.L., con domicilio na rúa Pintor Laxeiro, nº 33 - 36.500 - Lalín.

d) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Demolición de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira. Proxecto visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 12 de xuño de 2007

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa Xeral Franco, nº 25 (Silleda).

d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecto Dº José Ramón Romero Riádigos.. Non consta dirección de obra.

e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS:

Execución material: 1.910,00 €

f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 02 de xullo de 2007, no que se sinala:

*“1º.- Á presentación do oficio de Dirección Técnica das obras, declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de tódolos servizos urbanos danados como consecuencia das obras realizadas no casco urbano, e nos seguintes termos:*

*Deberanse tomar tódalas medidas de seguridade necesarias para evitar o acceso de persoas alleas á obra, non se poderá interrompir o tráfico rodado nin peonil e ó remate das mesmas a zona deberá quedar como mínimo no mesmo estado no que se encontraba antes da súa realización.*

*Polo que respecta á delimitación de responsabilidades, os deterioros do medio físico ou calesquera producidos como consecuencia das obras realizadas, serán responsabilidade do promotor das obras.*

*Toda ocupación da vía pública con casetas, materiais, contenedores, maquinaria ou outros elementos afectos a unha obra, deberá contar necesariamente coa autorización administrativa.*

*a- Esta autorización deberá solicitarse conxuntamente coa licenza de obra, cando se prevea con antelación, mediante especificación na memoria.*

*b- No caso de que non poidera solicitarse conforme se prevé no párrafo anterior, deberá presentarse solicitude separada na que deberán especificarse tódolos datos necesarios para a súa localización e demais requisitos esixidos nesta Ordenanza. Neste caso a solicitude presentarse antes do inicio das obras e non poderá entenderse concedida ata que non se notifique resolución expresa ó efecto.*

*A ubicación das ocupacións a que se refire este capítulo deberá estudiarse a fin de que sexa un emprazamento estratéxico que minimize a súa incidencia no entorno, aproveitando inevitablemente as zonas que non son utilizadas para o tráfico rodado e coa menor perturbación ó tránsito peonil. Asimesmo, deberá preverse que a ocupación se produza polo mínimo tempo posible e na dimensión axeitada para servir a seu obxecto, poidendo, neste punto, ser obxecto de inspección municipal, quen informará sobre a súa adecuación ou non ó obxecto de que o Concello poida ordear o levantamento daquelas ocupacións que se atopan sobredimensionadas ou sexan innecesarias.*

*Unha vez finalizada a ocupación procederase á limpeza das zonas ocupadas e á reposición de calquer dano que poidera haberse causado sobre os pavimentos ou servicios afectados.*

*Non se permitirá o almacenamento de materiais nin medios auxiliares máis tempo do estrictamente necesario para a súa utilización ou posta en obra.*

*Ó finalizar a xornada de traballo, deberanse retirar ou, si se autorizou expresamente para elo, verter en contenedores axeitados tódolos acopios procedentes do vaciado de zanzas e escombros, deixando a zona ocupada en estado de orde e limpeza axeitada.*

*Tódolos materias e acopios que non estean debidamente apilados ou depositados en contenedores, serán retirados da vía pública.*

*Tódolos elementos cos que se ocupa a vía pública son responsabilidade do titular da licenza, quen responderá do seu correcto estado de uso, mantemento e retirada.*

*Todo elemento que altere nalgunha medida a superficie vial suporá un obstáculo que haberá de ser debidamente protexido con vallas.*

*Durante as horas en que non se estea traballando, de noite e nos fines de semana ou festivos, a obra e os elementos anexos á mesma, deberán quedar en perfectas*

*condicións para evitar accidentes e danos materiais ou persoais. A tal fin, sinalizaránse convenientemente con sinais de tráfico normalizadas, carteis e luminarias. Así mesmo procederáse ó tapado das zanxas cos materiais axeitados en función da súa localización, accesibilidade e dimensión.*

*O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, no seu artigo 199.11, establece as seguintes condicións para o Vallado de Obras:*

*1) En toda obra de nova planta ou de derribo e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, haberá de colocarse unha valla de protección de 2 m. de altura, como mínimo, de materiais que ofrezan seguridade e conservación decorosa e situada á distancia máxima de 2 m. da aliñación oficial. En todo caso deberá quedar na beirarrúa un paso libre de 0,60 m. de ancho para o paso de peóns.*

*2) Si coa aplicación das condicións anteriores resultara un ancho inferior a un metro dentro da valla, ou cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación de ditas normas, o técnico municipal correspondente fixará as características da valla, poidendo ordenar a súa desaparición total no momento no que terminen os traballos indispensables na planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa a colocación de andamio de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezca a debida seguridade para a circulación na vía pública. En casos especiais en que polo técnico municipal se considere indispensable, poderán adoptarse medidas de carácter extraordinario.*

*3) Non se consentirá cubrir o espazo da vía pública limitado pola valla.*

*4) Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en si mesmas ou no seu montaxe, un perigo para os viandantes, esixirase durante as horas de traballo a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta o perigo. Cando as características do tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.*

*5) Nas zonas en que sexa obrigatorio o retranqueo, a valla colocarse na aliñación oficial. Non será obligatoria cando estea construído o cerramento definitivo.*

*6) Será obrigatorio a instalación de luces de sinalización con intensidade suficiente en cada extremo ou ángulo saínte das vallas.*

*7) A instalación de vallas enténdese sempre con carácter provisional en tanto dure a obra. Por elo dende o momento en que transcurra un mes sin dar comezo as obras, ou estean interrompidas, deberá suprimirse a valla e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público.*

#### **OUTRAS SITUACIÓNS:**

*1.- Instalación de contenedores para acopio e retirada de escombros.*

*Os contenedores para a recollida de escombros procedentes de obras, suxeitaranse en todo momento ás seguintes condicións:*

*a- Deberán colocarse nas beirarrúas, entre os alcorques das árbores, onde existan, e deixando libre como mínimo un paso de 1,50 m., ou nas calzadas, en zonas de aparcadoiros permitidos, de modo que non sobresalgan en dita zona e non sexan un obstáculo que entorpeza a libre circulación dos vehículos, de acordo co disposto no artigo 39 do Código de Circulación. Do mesmo xeito deberá sinalizarse convenientemente o contenedor pola súa conta, de acordo co establecido nos artigos 41 e 54 do Código de Circulación.*

*b- As manobras para deixada e recollida dos contenedores, deberán realizarse do modo previsto no Código de Circulación, sin causar molestias ó tráfico e quedando totalmente prohibida a colocación ou recollida de contenedores de 8:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, salvo que polo Concello se dispoña outra cousa.*

*c- En cada contenedor deberá figurar indicativo de pertenza á empresa propietaria do mesmo que deberá coincidir coa titular da autorización municipal ou, no caso de non selo, baixo tutela e responsabilidade directa de aquela.*

*d- Para as solicitudes de autorización de instalación de contenedores deberase presentar:*

- Fotocopia do carné de identidade do solicitante ou representante da empresa.*
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai a realizar.*
- Plano de situación acotado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.*

*As autorizacións de instalación dos contenedores poderán ser anuais, debendo solicitar o interesado, si o desexa, a renovación da mesma cunha antelación mínima de dous meses respecto ó vencemento de dita autorización.*

*e- Para responder dos danos que se poideran ocasionar, o interesado deberá depositar unha fianza de 120,00 € por contenedor, que deberá repoñer ou completar, cando se minore dito depósito en virtude de indemnizacións e elo no prazo de 48 horas a contar dende a notificación, co obxecto de manter íntegra a súa garantía durante a vixencia do contrato, sempre que non se dispoña outra cousa na Ordenanza Fiscal correspondente ou mediante Convenio suscrito entre a Administración e os interesados.*

## *2.- Instalación de grúas-torre e similares:*

*Para a solicitude de autorización de instalación de grúas-torre e similares deberase presentar:*

- a) Memoria descritiva da instalación e planos de situación e emprazamento*



*acotados e a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase Informe das condicións portantes do terreno baixo a grúa asinado polo técnico-director da obra.*

- b) Xustificación da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza risco).*
- c) Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica da grúa.*
- d) Certificado de montaxe da grúa que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:*

*1- Datos da obra e instalación: Situación (rúa-lugar, número e poboación), propietario da grúa (nome, DNI/CIF e nome e DNI do Xefe de Obra).*

*2- Características da grúa-torre: Marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.*

*3- Certificación, do director dos traballos de montaxe e instalación, de que a grúa cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.*

*4- Certificado, do director dos traballos de montaxe e instalación, do correcto funcionamento da grúa e seus dispositivos de seguridade.”*

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 2709/07

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 € correspondente ó informe técnico e 42,98 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

**4.1.4.-**A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnico e xurídico, acorda por unanimidade, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen

Local:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: Dº MARIA JESÚS SILVA ALÉN, con domicilio na rúa Xeral, nº 37 de Bandeira (Silleda).
- e) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Acondicionamento de Local sen uso específico. Proxecto visado polo Colexio Oficial correspondente en data 04 de xuño de 2007
- c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa Alfonso Trabazo esquina rúa Xeral Franco (Silleda).
- d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecta Dª Paula Fernández Pena.
- e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS:  
Execución material: 4.443,21 □□□
- f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 02 de xullo de 2007.
- g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.
- h) OUTROS:  
-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 2469/07

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 □□□ correspondente ó informe técnico e 99,97 □□□ (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

#### **4.2.- Actividades Clasificadas:**

**4.2.1.-** Examinado o expediente promovido por Dº ANTONIO CANGAS CONDE, en virtude de instancia nº 1302 de data 26 de marzo de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a café-bar, situado na rúa José Antonio, nº 7 baixo (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial en data 06 de marzo de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no

expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 02 de xullo de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolo que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1302/07 instada por Dº ANTONIO CANGAS CONDE, para apertura de local para dedicalo a café-bar, situado na rúa José Antonio, nº 7 baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

**4.2.2.-** Examinado o expediente promovido por Dº Fernando Antonio Costoya Moure en representación de RECAMBIOS CAMPAZA, S.L., en virtude de instancia nº 1322 de data 28 de marzo de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a venda polo miúdo de recambios de maquinaria agrícola, situado na rúa Xeneral Franco, nº 48 baixo (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial en data 12 de marzo de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 12 de xuño de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a

tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1322/07 instada por Dº Fernando Antonio Costoya Moure en representación de RECAMBIOS CAMPAZA, S.L., para apertura de local para dedicalo a venda polo miúdo de recambios de maquinaria agrícola, situado na rúa Xeneral Franco, nº 48 baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

**4.2.3.-** Examinado o expediente promovido por Dª ROSA DOMÍNGUEZ COLMENERO, en virtude de instancia nº 1172 de data 16 de marzo de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a acondicionamento e apertura de local para dedicalo a salón de té, situado na rúa Venezuela, nº 1 baixo (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta Técnica Dª Paula Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 15 de marzo de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 19 de xuño de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, e coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1172/07 instada por Dª ROSA DOMÍNGUEZ COLMENERO, en virtude de instancia nº 1172 de data 16 de marzo de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a acondicionamento e apertura de local para dedicalo a salón de té, situado na rúa Venezuela, nº 1 baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emitan informe previo á concesión da correspondente licencia.

**4.2.4.-** Licencia Nº 2637/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dº JUAN PABLO CAJIDE PÉREZ, solicitando Licencia de actividade correspondente a acondicionamento e apertura de local (Local F) para dedicalo a taller de reparación de automóviles e bicicletas, venda de recambios, exposición e oficinas, a situar según plano nº 2.1 do Plan Parcial do Polígono Industrial Área-33, situado no lugar da Mera (Silleda), Plano de Zonificación de Usos pormenorizados marxe B e según plano nº 3 da Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33, con selo de Secretaría aprobado definitivamente polo Pleno en sesión 7-marzo-2002, as **parcelas son as números 1, 2 e 3 da mazá nº 7 (Local F)**

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 04 de decembro de 2006, (Rexistro de Entrada nº 5233, de data 15 de decembro de 2006) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, SCD., e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Según proxecto visado COETI VIGO 15/06/20060 nº expediente 206-4055 e anexo visado COETI 8/11/06 ANX-61318. A traballar coas portas e as fiestras pechadas e ventilación forzada. Instalará separadora de graxas e aceites, segundo proxecto. Xestionará todos os residuos con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía e observará estrito cumprimento da normativa vixente en canto o almacenamento ata a súa entrega a xestor dos residuos perigosos.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

#### **5º.- SERVICIOS SOCIAIS.-**

**5.1.-** Escrito de D<sup>a</sup> Ivone Fernández Barrios, con domicilio no lugar de Pereira, parroquia de Laro (Silleda), de data 16 de xullo de 2007, solicitando a baixa no Servicio de Axuda no Fogar.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda acceder ó solicitado.

**5.2.-** Dase conta da solicitude presentada por D<sup>o</sup> Marcelino Novoa Fontao, de data 19 de xullo de 2007, con domicilio no lugar de Sestelo, nº 10 - Siador (Silleda), solicitando a Alta no Servicio de Axuda no Fogar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, visto o informe da Asistente Social deste Concello, D<sup>a</sup>. Celia González Peteiro, acorda conceder a alta no Servicio de Axuda a Domicilio, segundo as condicións sinaladas no mencionado informe, de data 19 de xullo de 2007.

#### **6º.- INTERVENCIÓN.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a seguinte relación de facturas e proceder o recoñecemento das obrigas correspondentes:

| ACREEDOR                                 | CONCEPTO   | IMPORTE  |
|--|--|----------|
| SOGAMA                                   | Pago fra. nº 2007/1027 xuros cuota abril 2007      | 1.629,70 |
|  | Pago fra. nº 2007/1386 xuros cuota maio 2007       | 1.588,96 |
|  | Pago fra. nº 2007/1726 xuros cuota xuño 2007       | 1.548,21 |
| Manuel J. González Pena                  | Pago fra. nº 45 aluguer local almacén mes de xuño  | 265,66   |
| Jefatura Provincial de Correos           | Pago fra. nº C070104895 envíos postais mes de xuño | 361,39   |
| M <sup>a</sup> Cristina Márquez González | Pago fra. chucherías Romaría do Rapaz              | 60,70    |

| ACREEDOR                                | CONCEPTO  | IMPORTE          |
|---|---|------------------|
| Juan J. Sánchez Varela. Xoieria Euloxio | Pago fra.nº 3598 estuches portadiscos                       | 277,00           |
|   | Pago fra. nº 3588 placas prata grabadas                     | 14,00            |
| Talleres Carbón S.L.                    | Pago fra. nº 720 reparación vehículo patrulla verde         | 602,10           |
| Librería Pily C.B.                      | Pago fra. nº 164 encuadernacións                            | 6,00             |
| Din impresións dixitais S.L.            | Pago fra. nº 297 impresión dixital                          | 92,80            |
| Reparaciones VTF S.L.                   | Pago fra nº 106 reparación motor piscina                    | 183,57           |
|   | Pago fra. nº 107 reparación motro                           | 461,97           |
| Gráfica de Asturias S.L.                | Pago fra. nº 1475/07 traballos imprenta alcaldía            | 292,80           |
| Repsol Butano S.A.                      | Pago fra. nº 1010683292 Casa da Música maio-xuño            | 79,48            |
|   | Pago fra. nº 1010682485 Casa da Xuventude maio-xuño         | 135,40           |
|   | Pago fra. nº 1010682497 Casa da Cultura maio-xuño           | 93,57            |
| Librería Galicia S.C.                   | Pago fra. nº 16-07 suscripcións diarios maio                | 135,45           |
|   | Pago fra. nº 20-07 suscripcións diarios xuño                | 131,46           |
| Cepsa Card S.A.                         | Pago fra. nº 0063423S51021501 consumo combust. Maio         | 2.793,39         |
| Fundación Semana Verde de Galicia       | Pago fra. nº 884/2007 servizos concerto Mercedes Peón       | 223,77           |
| Mª Teresa García Rozas. Frutería Marité | Pago fra. nº 14 artigos varios Romaría do Rapaz             | 60,44            |
| José R. González Folla                  | Pago fra. nº 224 servizos varios taxi                       | 120,00           |
| Amigos del Grupo de Gaitas CARQUEIXAS   | Pago fra. nº 1 actuación na Romaría do Rapaz                | 180,00           |
| Codroga S.L.                            | Pago fra. nº 82192 materiais varios Romaría do Rapaz        | 35,22            |
| Asociación Xuvenil Fungos               | Pago fra. nº 30/062007/004 Xogos de chapas Romaría do Rapaz | 500,00           |
| Viveros de Silleda S.C.                 | Pago fra. nº 026-07 plantas ornamentais                     | 548,13           |
| Fantasia. Ocio Marineda S.L.            | Pago fra. nº 73 animación e inchables Romaría do Rapaz      | 2.524,13         |
| Hidroeléctrica de Silleda S.L.          | Pago fra. nº 14561 A.P. Toxa de Abaixo. marzo-abril         | 44,16            |
|   | Pago fra. nº 14933 A.P. Sta. Cristina. marzo-abril          | 13,34            |
|   | Pago fra. nº 16458 A.P. Pista de Medelo. marzo-abril        | 15,00            |
|   | Pago fra. nº 11943. Consumo oficiñas r/ Alfonso Trabazo     | 233,55           |
|   | Pago fra. nº 14697 Consumo Local Social de Escuadro         | 97,83            |
|   | Pago relación alumeados e consumos varios maio-xuño         | 29.034,56        |
| Unión Fenosa S.A.                       | Pago relación alumeados públicos maio-xuño                  | 4.570,99         |
| <b>TOTAL .....</b>                      |   | <b>48.954,73</b> |

## **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as dezaseis horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou

fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,